

Anuncio

Para os efectos oportunos, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou, na súa sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2020, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2020, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

1.- O programa de Copas Deputación, cun forte arraigamento e tradición na nosa provincia, canaliza as axudas ao deporte de competición federado para garantir a continuidade de determinadas competicións deportivas amateur que, en moitos casos, constitúen a única actividade regulada que se organiza na provincia para determinadas disciplinas deportivas.

O obxecto destas bases é a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a desenvolver, prioritariamente, nunha ou varias xornadas, competicións deportivas que baixo a denominación de Copas Deputación se desenvolvan integramente na provincia de Ourense durante a actual temporada deportiva 2019-2020.

Por tal motivo, non poderá existir máis dunha Copa Deputación por modalidade deportiva, entendendo o concepto de modalidade como cada un dos grupos nos que se divide unha disciplina deportiva. Por exemplo, dentro da disciplina da “natación”, as modalidades deportivas serían natación, sincronizada, waterpolo, saltos e augas abertas. Noutro exemplo, a federación de Judo e disciplinas asociadas, as modalidades poderían ser Judo, Jiu-Jitsu, Wu-shu, Ai-kido, Defensa Persoal e Kendo.

Pola contra, pode existir unha Copa Deputación de Atletismo pero non de probas como maratón, marcha, lonxitude, pértega, etcétera.

A determinación de incluír unha nova Copa Deputación dunha modalidade deportiva concreta, virá determinada pola decisión razoada da Comisión de Valoración prevista na base sétima, no suposto de necesidade de interpretación dos criterios fixados nos parágrafos anteriores.

2.- Quedan excluídas desta convocatoria as Copas Deputación de Fútbol e Fútbol Sala, xa que, dado o seu arraigamento e dimensión nesta provincia, serán obxecto de financiamento a través dunha subvención nominativa nos termos que establece o Pleno da Deputación.

3.- Tamén quedarán excluídas deste programa, aquelas disciplinas deportivas que teñan por obxectivo no seu desenvolvemento procurar o sufrimento e/ou morte de animais.

4.- A concesión das subvencións previstas nesta convocatoria queda suxeita á condición de que por parte da entidade organizadora da Copa Deputación se invite, por escrito, a participar na dita competición a todos os clubs da provincia integrados na correspondente federación. A dita invitación deberá enviarse coa antelación suficiente para que os clubs participantes poidan organizarse debidamente. Para a xustificación da subvención, deberá acreditarse o cumprimento desta condición nos termos previstos na base 10ª.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarias deste programa as federacións deportivas galegas, a través das súas respectivas delegacións na provincia de Ourense. Se a sede social da federación galega estivese radicada na nosa provincia, ou se esta carecese de delegación en Ourense, poderá realizar a solicitude a propia federación galega, directamente. Igualmente, as federacións poderán encomendarlle a organización da Copa Deputación a unha entidade deportiva domiciliada na provincia de Ourense, sendo esta última a que, neste caso, presente a solicitude. En todo caso soamente se admitirá unha solicitude por cada Copa Deputación.

Para estes efectos, as federacións só poderán autorizar a unha única entidade deportiva para facer a solicitude.

Nos supostos en que, non obstante o anterior, varias entidades deportivas dunha mesma modalidade acreditasen ante a Deputación dispoñer da dita autorización, requirirase á federación para que determine cal é a única entidade autorizada.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias. Contía máxima destinada a estas subvencións. O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 34111/48201 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2020.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 79.000,00 euros, sen prexuízo de que no exercicio de 2020, e antes da resolución deste concurso, se incremente a contía indicada, en cuxo caso, se procederá ao seu repartimento, coa aplicación dos criterios de valoración establecidos nas bases da convocatoria.

Cuarta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Cuarta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade a través de calquera das seguintes modalidades:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (norma que se mantén vixente de conformidade co establecido na Disposición derogatoria única, apartado 2, parágrafo último, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <http://www.sede.depourense.es/>

Cuarta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iníciase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 29 de febreiro de 2020, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Cuarta 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

a.1) Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

a.2) Estatutos sociais da entidade.

a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditarase mediante documento que acredite o seu nomeamento ou elección.

a.4) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar o organismo ou entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II destas bases.

a.5) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo modelo anexo III.

a.6) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación, de ser o caso, de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do aviso do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso, e de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

a.7) No caso de entidades que actúen por encomenda ou delegación da correspondente federación deportiva, copia do acordo de encomenda ou delegación adoptado por esta última.

A presentación do documento sinalado no apartado a.6) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web da Deputación, e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 7ª e 11ª, respectivamente.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade (apartado a.2) cando este documentos xa obrase en poder da Deputación por ter sido presentados en convocatorias anteriores, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o CIF da entidade dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación para a valoración da solicitude:

1.- Proxecto explicativo da actividade que se pretende, comprensiva, cando menos, da seguinte información, conforme ao modelo recollido no anexo V.

a) Resumo da actividade para realizar, con indicación de datas e lugares de celebración.

b) Numero de deportistas, clubs e categorías, que participarán na actividade, con indicación expresa dos que son de categorías de base e femininos. Tamén no anexo V, no apartado 2.2, deberán consignarse os clubs e deportistas que participaron nas edicións das Copas Deputación de 2018 e 2019.

c) Se procedese, indicación das xornadas que se desenvolverán nos distintos municipios da provincia e a posible colaboración, se existise, dos seus concellos.

d) Para facilitar o coñecemento do arraigamento social e deportivo da disciplina, deberá proporcionarse antigüidade da súa Copa Deputación.

2.- Certificación da federación deportiva competente que acredite o número de licenzas federativas na totalidade da Comunidade Autónoma e na provincia de Ourense, con indicación de sexo e categorías, segundo anexo VI.

Cuarta 4: Regras de presentación en papel da documentación esixible:

Cando os interesados presenten en papel a solicitude e a documentación anexa, deberán presentar a dita documentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial ou de calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

No caso de presentación na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación Provincial, a oficina dixitalizará os documentos, emitindo unha copia electrónica auténtica destes, que se lle remitirá á unidade administrativa competente pola propia oficina. Os documentos en papel presentados devolveránselle no acto ao interesado, en unión dun recibo acreditativo da presentación da solicitude e a documentación anexa.

Para estes efectos, a documentación presentada debe entregarse á oficina debidamente ordenada e en follas soltas de tamaño DIN A-4, sen grampar nin encadernar, a fin de facilitar o proceso de dixitalización dos documentos.

Alternativamente, poderán presentar a documentación en papel nunha oficina de correos, que procederá á súa dixitalización e envío electrónico á Deputación a través do servizo de rexistro virtual electrónico coa administración (ORVE) de Correos, procedéndose do mesmo xeito indicado no parágrafo anterior.

Cuarta 5: Regras de presentación telemática da documentación esixible:

Cando os interesados opten pola presentación telemática no rexistro electrónico da Deputación, deberán acceder ao rexistro na sede electrónica da Deputación, procedendo do seguinte xeito:

a) Deberán cubrir a solicitude e os anexos I, II, III, IV e V que estarán dispoñibles na sede electrónica. Non é obrigatorio, non obstante, cubrir o anexo IV, pero en caso de non presentarse non se formulará ningunha comunicación individual ao interesado durante o procedemento.

b) Deberán ademais imprimir o anexo VI para que sexa cuberto, asinado e selado polo secretario da federación deportiva correspondente. Este documento, en unión dos estatutos sociais e o poder do representante, deberá dixitalizarse e xuntarse á solicitude. No caso do anexo VI, será igualmente válido que presenten o documento electrónico do dito anexo emitido e asinado ou selado electronicamente pola federación.

c) Unha vez cubertos a solicitude e todos os anexos así como achegada o resto de documentación, procederán a asinar electronicamente e enviar a súa solicitude, xerándose automaticamente o recibo acreditativo da súa presentación. A sinatura electrónica deberá realizarse mediante os sistemas de sinatura electrónica previstos no artigo 10.1, apartado a), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarta 6: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Quinta.- Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, formen parte do desenvolvemento dunha competición deportiva como gastos inherentes e necesarios para a súa realización, tales como dereitos de arbitrxes, desprazamentos, material deportivo, alugamento de instalacións, trofeos, medallas, gastos de manutención de deportistas ou de persoal da organización, carteis, servizos de seguridade e orde, servizos de atención sanitaria e calquera outro que sexa preciso para levar a cabo a actividade.

Os gastos de manutención de deportistas e do persoal de organización, terán o límite do 20 % do total do importe da subvención concedida.

Expresamente, non terán tal consideración os gastos para almozos que non correspondan á manutención de deportistas ou persoal da organización, os honorarios profesionais por organización que superen o 10 % do importe da xustificación, premios en metálico ou todos aqueles que, pola súa natureza, resulten desproporcionados cos obxectivos que se pretenden con este tipo de subvencións.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: DPO@depourense.es

c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede

electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os únicos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, se é o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas actuais bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial.

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima .- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada. Dado o carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada.

Para achegar esta documentación, poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo VII destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2020. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª apartado 3 a), non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

3. Concluído o trámite de emenda de deficiencias e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe co contido previsto no artigo 7.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e remitiralle o actuado á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta provisional de resolución conforme coas regras seguintes:

a) Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b) Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base oitava.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2020. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, publicándose unicamente na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse

alegacións, a proposta provisional considerarase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 10ª.

Oitava.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o deputado delegado de facenda.
- Vogais:
- A interventora da Deputación ou funcionario/a que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- O xefe do Servizo de Deportes, ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- Un técnico deportivo de recoñecida e contrastada competencia.
- Actuará como secretaria da comisión a xefa da Sección de Subvencións, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia deportiva que actuarán como asesores da comisión.

Os membros da comisión estarán suxeitos ás cláusulas de abstención e recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As actuacións da comisión documentaranse en acta, que será asinada polo Presidente e pola Secretaria.

Novena.- Criterios de valoración para a concesión de subvencións:

1. Como criterios de concesión e de distribución da contía das subvencións, a comisión avaliadora aplicará cada un dos indicados nos bloques seguintes.

Os ditos criterios, conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicaranse mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. No caso do criterio relativo ao arraigamento social da disciplina na provincia (bloque 7º) as propias bases establecen as valoracións, determinadas en función dos datos dispoñibles na Deputación pola experiencia das Copas Deputación nos anos precedentes, agás no suposto de disciplinas que entren por vez primeira neste programa de subvención, suposto no que a Comisión de Valoración establecerá, de xeito motivado, a puntuación correspondente.

Bloque 1º: (Ata 25 puntos).

- Número de licenzas en vigor na provincia, nesta temporada, que se asignarán conforme unha escala de 1 a 25 puntos en función do número de licenzas.

Asignaranse cero puntos a aqueles solicitantes que non acheguen certificación do número de licenzas.

Bloque 2º: (Ata 15 puntos)

- Número de deportistas que participarán na actividade, distribuíndose os puntos conforme unha escala entre 1 e 15 puntos. Cando se fala de número de deportistas, a convocatoria estase a referir ao total de practicantes que participan na Copa Deputación, sen repetir a mesma persoa.

Bloque 3º: (Ata 10 puntos)

- Número de deportistas de categorías de base que participen na Copa, distribuíndose a puntuación conforme unha escala comprendida entre 1 e 10 puntos.

Bloque 4º: (Ata 10 puntos)

- Número de deportistas femininos que participen na actividade, distribuídos os puntos conforme unha escala entre 1 e 10 puntos.:

Bloque 5º: (Ata 10 puntos)

- Valoración número de xornadas: asignarase unha puntuación de 1 a 10 puntos, proporcional ao número de xornadas dos que conste a Copa Deputación tendo en consideración se son xornadas soltas ou competicións por sistema de liga.

Bloque 6º: (Ata 10 puntos)

- Valoración organizativa das diferentes Copas Deputación.

A diferente tipoloxía de disciplinas deportivas que integran o programa de Copas Deputación, obriga a realizar unha consideración específica dos aspectos organizativos no relativo aos gastos que se derivan do seu desenvolvemento. Parece claro que existen modalidades deportivas que pola súa propia natureza e configuración organizativa requiren dun esforzo económico diferente.

Por tal motivo, en función desa realidade, establécense puntuacións entre 1 e 10 puntos, encadrándose en algún dos grupos seguintes:

a) Deportes ao aire libre con esixencias especiais (Sinalizacións, permisos, servizos médicos, persoal de apoio, gastos transporte equipamentos, seguros, etcétera)

b) Deportes de sala con necesidades singulares maiores : (Pavimentos especiais ou montaxes complexos

c) Deportes de sala con necesidades singulares menores

d) Deportes de sala e resto disciplinas sen necesidades específicas

Bloque 7º: (Ata 20 puntos)

- Implantación e arraigamento social da disciplina na nosa provincia.

Para a valoración deste apartado téñense en consideración os seguintes criterios:

- Antigüidade das respectivas Copas Deputación.

- Implantación e arraigamento provincial das diferentes disciplinas deportivas.

- Progresión das diferentes modalidades deportivas ao longo dos anos no relativo ao incremento ou diminución do número de licenzas.

Da análise dos apartados anteriores estableceranse distintas puntuacións entre 1 e 20 puntos.

Para aquelas disciplinas deportivas de nova incorporación, a puntuación deste bloque será determinada pola Comisión de Valoración prevista na base sétima, de forma suficientemente motivada.

2. Para a valoración dos bloques 2.º, 3.º e 4.º, a Comisión de Valoración terá en conta os datos de participación nas edicións 2018 e 2019 das Copas Deputación achegados polos solicitantes co proxecto explicativo previsto na base 4ª.3.b).1, no apartado b), inciso último. No suposto en que a estimación de participación na Copa 2020 se considere inustificada ou de difícil cumprimento á vista dos datos das edicións anteriores, a comisión poderá axustar a valoración destes bloques á realidade dos datos de participación das edicións anteriores.

3. A Comisión de Valoración determinará a contía das subvencións para conceder en función da puntuación establecida, podendo establecer tramos de contía idéntica para todos os beneficiarios incluídos nunha determinada franxa de puntuación.

Décima.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. En caso de non facelo así, a Xunta de Goberno resolverá conforme

á proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días desde a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida. O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención, se é o caso, poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen solicitantes que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Undécima.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2020, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª apartado 3a), realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo segunda.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, de ser o caso, na súa páxina web e na da federación deportiva correspondente.

- Tamén resultará obrigatorio colocar os correspondentes soportes publicitarios nos lugares ou instalacións onde se celebren as xornadas de Copa Deputación, en lugar preferente e visible, nos que se divulgue a actividade. Ditos soportes poderán ser achegados pola propia Deputación Provincial debendo solicitálos coa suficiente antelación, podendo realizar dita solicitude a través da páxina web deportes.depourense.es

Así mesmo, e no caso de entrega de trofeos, estes deberán conter unha referencia á competición da Copa Deputación da que se trate.

En caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá

ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Décimo terceira.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificarse mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do seu importe e a súa procedencia.

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Xustificación do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non incorrer en prohibición de obter subvencións, nos seguintes termos:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo VIII destas bases.

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos (ordinaria ou simplificada, de proceder esta última) en orixinal, duplicado ou copia simple, ata un importe equivalente, como mínimo, ao da subvención concedida.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, o gasto xustificarse mediante recibín asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) acompañado do xustificante de pago a través de entidade bancaria e, se é o caso, do documento de ingreso a favor da administración tributaria do importe retido en concepto de IRPF; excluírase a xustificación por non cumprir coas obrigas fiscais.

- No caso de gastos de arbitaxes de actividades deportivas, achegarse, ademais do sinalado no parágrafo anterior, certificación do correspondente colexio de árbitros ou entidade que asuma as súas funcións, acreditativa do gasto realizado.

- No caso de gastos de desprazamentos de deportistas con medios propios, deberase presentar unha declaración xurada dos desprazamentos ao prezo máximo de 0,19 euros por Km, asinada polo deportista e co visto e prace do presidente e secretario da entidade.

- Os desprazamentos xustificados mediante recibos deberán vir asinados polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, se é o caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

Ademais, nos desprazamentos xustificados mediante recibos, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. Os outros gastos como peaxes, gastos de viaxes, parking, comidas, etcétera, que non se xustifiquen como axudas de custo, xustificados mediante recibo, só serán tidos en conta, se ao recibo se xunta o correspondente documento de gasto (ticket, albarán, ...)

Non serán válidos os gastos de desprazamentos tanto individual como colectivo, de non figurar tódolos datos nos documentos xustificativos do gasto.

En consecuencia, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas, mediante a presentación de fotos, copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

H) Copia das invitacións cursadas aos correspondentes clubs e xustificantes da recepción destas.

2. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

3. A conta xustificativa presentarse conformada polo presidente da entidade.

4. Na xustificación da subvención non será de aplicación o previsto no artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, atendendo ao feito de que as subvencións se conceden para a realización dunha actividade sen consideración ao seu orzamento previo. En consecuencia, os beneficiarios poderán elaborar os orzamentos da actividade á vista da subvención concedida, bastando, para entendela correctamente xustificada, a presentación de xustificantes de gasto por contía equivalente á da subvención concedida, e sempre que os gastos xustificados non estean financiados con cargo a outra subvención pública, conforme ao disposto na base décimo cuarta.

5. De advertirse deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para as Copas

Deputación 2020. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

6. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederáse á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

7. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

8. Sen prexuízo do anterior (e adicionalmente ao control financeiro simplificado previsto no apartado 2, parágrafo 2.º desta base) a Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

9. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 31 de outubro de 2020. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base cuarta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base) así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo quinta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou dos seus organismos autónomos para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto de ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo sexta.- Reintegro ou perda do dereito á subvención

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederáse á tramitación dun expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderán ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o

reintegro incluíra sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, a Deputación Provincial reducirá proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Xunta de Goberno.

Décimo sétima.- Normativa supletoria:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á actual convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 28 de xaneiro de 2020

O presidente,